

CONCELLO
DE VIGO




VIGO, A MELLOR CIDADE PARA VIVIR



VIGO



o teu mellor
deporte





Un curso de calidade

O programa municipal de escolas deportivas 2026/2027 está en marcha. Ante o inicio deste novo curso reafirmamos o noso compromiso co deporte de base, que conforma unha experiencia formativa e vital para as nenas e os nenos da cidade.

Os cadros técnicos dos clubs adscritos ao programa devecen por iniciar as clases, por amosar os valores e marabillas dos seus deportes ao alumnado de idades comprendidas entre os 6 e os 18 anos. E no Concello estamos orgullosos de que o sistema funcione.

O programa municipal de escolas deportivas non soamente ofrece novos coñecementos teóricos e a práctica de exercicios das diferentes disciplinas, senón que ten outras variables: a competición recreativa. O Día do Patín, que une deporte e familia; a Liga Linco de baloncesto entre colexios; a Liga Concello de Vigo de natación escolar que enche o polideportivo de Navia e a piscina do Carme; ou o Minicros escolar, que permite gozar de carreiras nos centros escolares vigueses. Todo vai conectado para a mellor experiencia das nenas e nenos. Así é como acadamos a calidade.

O Concello ofrece para este curso 5.000 prazas nas escolas deportivas, asume o custo de abrir tódalas súas instalacións para esta acción e facémolo co convencemento de que a formación é fundamental: a socialización das nenas e dos nenos, o traballo en equipo e a cultura do esforzo constitúe un todo para formar aos deportistas na solidariedade e no empeño para dar o mellor de si mesmos.

Abel Caballero Álvarez
Alcalde de Vigo



Un programa exemplar

Volve o programa municipal de escolas deportivas. Oito meses, de outubro a maio, cheos de amizade, esforzo e paixón polo deporte formativo.

Paixón, esa é a palabra axeitada. Paixón do Concello por levar o mellor deporte ás nenas e nenos de Vigo; paixón dos clubs, que engaden ás instalacións deportivas municipais e ao orzamento que o goberno municipal destina, unha lección de cadros técnicos de alto nivel para acadar unha calidade formativa excelente. E paixón, tamén, dos deportistas, que levan tres cursos consecutivos enchendo as máis de 5.000 prazas ofertadas. Síntoma de que o sistema funciona.

Ademais, que o programa municipal de escolas deportivas é bo, está demostrado de xeito empírico cada dous anos. Cando as seleccións de Vigo compiten en deportes de equipo nos Xogos do Eixo Atlántico, con cerca de trinta municipios de Galicia e do Norte de Portugal, as nosas escolas, ademais de acadar excelentes resultados, reciben o aplauso e respecto pola nosa filosofía de traballo. Pistas de que a interacción Concello-clubs vai polo camiño correcto.

Manel Fernández
Concelleiro de Deportes

ÍNDICE

- 1. O PROGRAMA MUNICIPAL DE ESCOLAS DEPORTIVAS.**
- 2. INSCRICIÓN ALUMNOS ANTIGOS.** (do 1 o 13 de Setembro)
- 3. INSCRICIÓN ALUMNOS NOVOS** (do 15 o 30 de Setembro)
- 4. RESUMO DE PRAZOS E PREZO DA MATRÍCULA.**
- 5. NORMATIVA DO PROGRAMA.**
- 6. CADRO DE ACTIVIDADES POR INSTALACIÓN.**
- 7. PIARES DO DEPORTE VIGUÉS – DECÁLOGO SAUDABLE**
- 8. ESCOLLE O TEU DEPORTE, GRUPO E HORARIO.**

1.

O PROGRAMA MUNICIPAL DE ESCOLAS DEPORTIVAS

QUE É

Este Programa Municipal é o medio a través do cal o Concello de Vigo fomenta e promociona as escolas deportivas das Entidades Deportivas da cidade, co que se potencian un gran número de actividades dirixidas a todos as nenas e nenos.

O PROGRAMA VAI DIRIXIDO A

A todos aqueles alumnos que cumpran os requisitos de idade para cada modalidade deportiva ofertada. Nacidos entre o 2008 e 2020 (entre 6 e 18 anos).

OBXECTIVOS DO PROGRAMA

- + Promover, potenciar e recoñecer a actividade desempeñada polas Entidades Deportivas, recoñecidas polo Concello co Indicativo de Calidade, na promoción da súa modalidade deportiva.
- + Unificar criterios no desenvolvemento da actividade deportiva realizada por todas as Entidades Colaboradoras.
- + Fomentar a práctica deportiva entre @s alumn@s que se axusten ás idades das modalidades respectivas, como complemento á súa actividade física.
- + Educar nos valores de cooperación e solidariedade no desenvolvemento da práctica deportiva.
- + Recoñecer a súas capacidades no desenvolvemento dunha actividade deportiva.
- Potenciar as súas capacidades físico-deportivas.

DURACIÓN e DIAS NON LECTIVOS

COMEZO DO CURSO**1 DE OUTUBRO DO 2026****FINALIZACIÓN DO CURSO****31 DE MAIO DE 2027**

Os días non lectivos serán os reflexados no calendario escolar para o curso 2026-2027 (vacacións de nadal, semana santa, entroido). Os centros acollidos o programa, con días non lectivos adicionais, deberán comunicalo a Concellería de Deportes e a entidade deportiva que desenvolve a actividade.

Neste curso os días Non Lectivos serán:

Vacacións de nadal: Do 22 de decembro o 7 de Xaneiro de 2027 (ambos inclusive)

Vacacións de entroido: O 6-7-8-9 e 10 de Febreiro de 2027 (ambos inclusive)

Vacacións de Semana Santa: Do 22 o 29 de 2027 (ambos inclusive)

Festivos de: 12 de Outubro, 31 de Outubro, 1 de Novembro, 7 e 8 de decembro, 19 Marzo, 1 de Maio, 17 Mayo.



2.

INSCRIPCIÓN (do 1 o 13 de setembro) ALUMNOS ANTIGOS

Só se consideran alumnos antigos, todos aqueles que estiveron inscritos no curso pasado 2025-2026 no Programa Municipal de Escolas Deportivas, na mesma modalidade deportiva e clube.

Os alumnos que antigos que non fagan a súa inscrición nestos prazos perderán a reserva da plaza.

INSCRIPCIÓN ALUMNOS ANTIGOS

PRESENCIAL

PROCEDEMENTO

1. Cubrir impreso de inscrición nas oficinas de Travesas
2. Facer efectivo o pago da matrícula nas propias instalacións de Travesas.

PAZOS

- | | |
|-------------------|---|
| 1 de Setembro. | Modalidades: Patinaxe e Natación Artística. |
| 2 de Setembro. | Modalidades: Ximnasia Artística, Rítmica e Tenis. |
| 3 de Setembro. | Modalidades: Deportes de Combate e Escalada. |
| 4 de Setembro | Modalidade: Voleibol |
| 7 e 8 de Setembro | Modalidades: Baloncesto, Squash e Balonmano. |
| 9-10-11 Setembro | Todas as modalidades deportivas. |

A TRAVÉS DE INTERNET

PROCEDEMENTO

1. Entra dentro da páxina da Concellería de deportes: reservasdeportes.vigo.org
2. Accede co dni e o contrasinal (da nena ou neno que se vai inscribir).
3. Dentro da "Area Usuario", premendo no teu nome, accede a "miñas actividades"
4. Comprobar o grupo o que estás inscrito en Espera. Renovar actividade.
5. Formalizar a inscrición realizando o pago.

PAZOS

- Entre o 1 de Setembro e o 13 de Setembro (ambos incluídos)

*Alguns grupos poden sufrir modificacións de días e horarios con respecto o ano anterior. É necesario comprobar os

Non estarás inscrito, se as características do grupo cambiaron, se tes máis idade ou a entidade deportiva cambiou a distribución dos grupos. Se tes que cambiar de grupo, non aparecerás en espera e non terás ningún grupo no apartado de "miñas actividades", neste caso, deberás facer a inscrición de [alumn@ antig@](mailto:alumn@antig@) de forma presencial.

IMPORTANTE:

Acceder a aplicación coas contrasinais utilizadas en anos anteriores. Se non se recordan, premer en recordar contrasinal. No caso de persoas que estiveran inscritas nalgũa actividade do servizo de deportes (incluíndo piscinas municipais) e non dispoñan ou recorden o contrasinal nin correo electrónico, na páxina de acceso <https://reservasdeportes.vigo.org/login> introduce o teu Número de DNI (8 díxitos), e de Password o teu ano de Nacemento (aaaa).

Unha vez finalizados o prazos de inscrición dos alumnos antigos, todos os alumnos serán considerados alumnos NOVOS.

Cando xa non corresponda o mesmo grupo por mor da idade do neno, non se poderá realizar a inscrición pola web pois non é posible a renovación no mesmo grupo, neste caso, a inscrición deberá realizarse nas oficinas de travesas de forma presencial.

O folleto que se expón na páxina web, pode sufrir modificacións de horarios e días nos grupos de actividades, comprobe sempre a última actualización ou a información que se expón nas oficinas de Travesas.

3.

INSCRICIÓN ALUMNOS NOVOS

(do 15 o 30 de setembro presencial e dende o 14 a través da Web)

Se consideran alumnos novos, todos aqueles que se inscriban por primeira vez no Programa Municipal de escolas deportivas.

Serán alumnos novos todos aqueles que, aínda estando inscritos o ano pasado, non realizaran a inscrición antes do 15 de Setembro.

Tamén serán alumnos novos os que non están na mesma modalidade deportiva e club do ano pasado (2025-2026).

INSCRICIÓN ALUMNOS NOVOS

PRESENCIAL

PROCEDEMENTO

1. Confirmar nas oficinas de Travesas se hai praza nos grupos ou modalidades deportivas nos días asignados.
2. Recoller o impreso de matrícula. Os alumnos nados en 2020 deberán presentar dni ou documento oficial acreditativo da idade.
3. Facer efectivo o pago da matrícula nas propias instalacións de Travesas.

PRAZOS

- | | |
|----------------------------|--|
| 15 de Setembro | Modalidade: Patinaxe |
| 16 De Setembro | Modalidade: Baloncesto |
| 17-18 Setembro | Modalidades: Tenis, Ximnasia, Squash e Natación Artística. |
| 21 de Setembro | Voleibol e Deportes de Combate |
| 22-23-24-25 Setembro | Todas as modalidades Deportivas |
| 23-24-25-28-29-30 Setembro | Para ENTIDADES DEPORTIVAS Que Recollan Inscricións. |

A TRAVÉS DE INTERNET

PROCEDEMENTO

1. Entra dentro da páxina da Concellería de deportes: reservasdeportes.vigo.org
2. Accede a Oficina virtual, inscrición de actividades.
3. Accede co DNI e o contrasinal (da nena ou neno que se vai inscribir), ou da de alta a nena ou neno que se quere inscribir.
4. Ver as actividades e grupos dispoñibles.
5. Formalizar a inscrición. Realizar o pago.

PRAZOS

dende o 14 de Setembro as 15:00 e ata completar todas as prazas do programa municipal de escolas deportivas.

IMPORTANTE: Inscribirse nun grupo de perfeccionamento cando a nena ou o neno non ten o nivel axeitado poderá provocar que cando se inicie a actividade, a entidade deportiva modifique os días e horarios de asistencia d@ inscrit@ para poder realizar a actividade no seu nivel de adestramento.

Para que non se produza esta situación recoméndase consultar o grupo que lle correspondería, chamando o teléfono de atención de cada club que está no folleto. Non se realizará a devolución do importe pagado, se @ inscrit@ non está no nivel axeitado, si poderá moverse de grupo ou cambiar de actividade.

- Os/as alumn@s con NACIDOS EN 2020 (6 ANOS) que realicen toda a inscrición por internet e o seu pago por primeira vez deberán presentar o DNI o primeiro día de actividade na instalación correspondente.
- A inscrición a través de internet é posible en todos os grupos onde apareza (SI) no folleto do Programa Municipal de Escolas Deportivas 2026-2027. Para os demais grupos, onde non apareza esta posibilidade, a inscrición só poderá ser de forma presencial.
- En cada grupo estarán reservadas un 50 % das prazas a través de internet e un 50% das mesmas seguirán estando dispoñibles de forma presencial.
- Se hay dispoñibilidade de prazas a través de internet poderán ser ocupadas polas solicitudes realizadas de forma presencial nos prazos establecidos para a reserva presencial.

4.

PREZO DA MATRÍCULA e RESUMO DE PRAZOS

INSCRICIÓN

XERAL

49,75 €*

INSCRICIÓN

NATACIÓN ARTÍSTICA, REMO,
PIRAGÜISMO, KAIK, ESCALADA

128,25 €*

*Estes prezos rexeranse en todo momento pola Ordenanza Vixente.

CONSULTA E REVISIÓN DE CONTRASINAIS E ACCESO A WEB

Durante o mes de AGOSTO pode chamar as oficinas da Concellería de Deportes (986810295) para solucionar calquer problema no acceso a páxina web. Unha vez comezado o prazo de inscrición, e se teña algunha dificultade no acceso a páxina web, será de forma presencial en Travesas a única vía para realizar a inscrición e non se poderán resolver as dificultades de acceso por vía telefónica.

MATRÍCULA PERMANENTE PRESENCIAL

Entre o 1 de Outubro e o 31 de decembro sempre que se teña dispoñibilidade de prazas en cada grupo ou na totalidade do Programa.

Horario de inscricións en oficinas de luns a venres: De 9:00 a 13:30

MATRÍCULA PERMANENTE A TRAVÉS DA WEB

Dende o 16 de Setembro poderá realizarse a inscrición nos grupos dispoñibles para reserva Web que aparecen no folleto, ou sempre que se teña dispoñibilidade de prazas no grupo ou non se chegara o límite do Programa municipal.

Unha vez realizada a inscrición e o pago da actividade, o primeiro día debe presentar unha captura de pantalla, ca inscrición no grupo, ou pago, ao responsable da actividade para poder comezar.

5.

NORMATIVA DO PROGRAMA

- As entidades deportivas colaboradoras do programa aceptan en todo momento a normativa de funcionamento das instalacións e organizacións das actividades.
- Os pais e nais d@s nen@s participantes nas actividades aceptan as normas de funcionamento e organización da Concellería de Deportes.
- A inscrición no Programa Municipal de Escolas Deportivas permite a realización de 2 horas ou 1,5 horas de actividade semanal, normalmente distribuídas en dous días diferentes pero tamén en un só, nun grupo de traballo concreto nunha modalidade. Se @ alumn@ quere ir máis horas, debe matricularse en mais grupos. Salvo excepcións dalgunhas disciplinas reguladas pola Concellería de Deportes e que se recollen no folleto.
- O folleto impreso pode sufrir modificacións, polo que o formato en pdf que esté na páxina de deportes.vigo.org estará sempre actualizado e será o que estableza toda a normativa e organización do programa.

5.1. CARACTERÍSTICAS BÁSICAS:

O pago anual do importe das escolas deportivas municipais implica de forma xeral:

- 2 sesións de actividade deportiva cada semana ou 1 sesión.
- Seguro de accidentes para a actividade deportiva (non de lesións deportivas)
- Agasallos e medallas en cada clausura.
- Participación de balde nas actividades organizadas polas entidades deportivas dentro do Proxecto "Gañamos Todos".
- Seguimento e calidade das actividades realizadas.

5.2. SE NON CHE GUSTA : **CAMBIA**

- O pago que se realiza é polo Programa Municipal de Escolas Deportivas, se non che gusta, ou non queres seguir nesa modalidade deportiva, podes cambiar en calquer momento do ano a outra actividade, e probar varias modalidades no mesmo ano, coa mesma inscrición.
- O único que ten que ocorrer, é que teñamos praza no grupo o que queres cambiar. Débese pasar polas oficinas de Travesas para realizar o cambio de grupo.
- Un cambio de grupo de modalidade de diferentes importes non conleva a devolución da diferen-
cia. - No caso de que a diferenza se tivera que abonar, non se podería realizar.

5.3. COBERTURA DE ACCIDENTES DEPORTIVOS:

- 1.- Non estarán cubertos os nenos e nenas que non fixeran previamente o pago do prezo público correspondente ou presentado a documentación precisa para a exención de pago.
- 2.- O Programa Municipal de Escolas deportivas ten unha póliza de Accidentes deportivos, esta póliza non é de lesións deportivas. Esta póliza non cubre os gastos de material e próteses ortopédicas, dentais, ópticas ou acústicas.
- 3.- Deberá comunicar a adestradora e a conserxería da instalación a incidencia para coñecer o procedemento. Este procedemento estará tamén visible na entrada da instalación.
- 4.- O día seguinte do incidente deberá pasar polas oficinas da Concellería de Deportes no Concello de Vigo, para abrir o expediente e presentar a documentación precisa.
- 5.- A non realización do protocolo de actuación, ou o traslado a un centro médico sen o coñecemento dos responsables da actividade ou instalación, pode ocasionar a non cobertura do accidente, asumindo as obrigas económicas resultantes o pai,nai ou tutor da alumna ou alumno.

5.4. SE UN COLEXIO QUERE FORMAR PARTE DAS ESCOLAS DEBE:

- 1.- As instalacións serán as propias do colexios e a Concellería de Deportes decidirá xunto co club encargado, a idoneidade da actividade nelas.
- 2.- Realizar a petición que mellor se adapte as súas necesidades do 1 de Setembro o 30 de Setembro. Enviando un correo electrónico a programaciondeportes@vigo.org ou solicitándoo chamando o 986810295. Especificando os días, horario, instalación onde sería a escola e Club co que contactou para realizar a actividade.
- 3.- Entregarán todas as inscricións dos alumnos matriculados.
- 4.- Farán un pago por todos os inscritos.
- 5.- Deberán ser un mínimo de 15 alumnos. Recórdase que para os alumnos de 6 anos deben presentar a fotocopia do libro de familia ou DNI.
- 6.- O comezo das actividades será o 1 de Outubro se todos os puntos anteriores están completados. A actividade atrasarase se non é así.

5.5. ACTIVIDADES A REALIZAR O LONGO DO CURSO

Nalgunhas modalidades desenvólvense competicións internas reguladas dende a Concellería de Deportes, como a liga Linco, o Torneo Fútbol 7 Samil, Día do Patín, Día da Ximnasia Rítmica, Día dos Deportes de Combate...

O día da muller, 8 de Marzo de 2026, tamén se realizarán actividades coa participación de todas as entidades deportivas que integran o Programa Municipal de Escolas Deportivas.

O rematar o curso realizarase a clausura da escola deportiva de cada entidade.

5.6. XORNADAS DE PORTAS ABERTAS

Durante o curso os pais só poderán acceder as instalacións durante as xornadas de portas abertas. Para este curso estarán establecidas as seguintes:

Portas abertas en Decembro: 14,15,16,17,18,19 e 20 de Decembro

Portas abertas en Marzo: 12,13,14,15,16,17 e 18 de Marzo.

5.7. MÍNIMO DE INSCRITOS

Para calquera grupo de actividade: 15 alumnos.

Se a actividade non chega o mínimo de inscritos, comunicárase os inscritos a anulación da mesma, podendo inscribirse noutra actividade co mesmo importe ou solicitar a devolución.

5.8. QUE É A PREINSCRIPCIÓN

Nalgunhas modalidades non sabemos se se vai formar grupo para realizar a actividade, pois precísase un mínimo de 15 alumnos.

Neste caso SÓ se cubrirá a folla de inscrición, e para confirmar a actividade deben chamar a partir do 25 de setembro.

Tamén se pode realizar a preinscrición cando un grupo de actividade chega o límite de prazas. Se por modificacións este límite se aumenta, chamarase por orde de preinscrición para poder formalizar a praza.

Non se realizará o pago da actividade ata a confirmación da realización da mesma.

5.9. CANCELACIÓN – CREACIÓN DE ACTIVIDADES

O Concello de Vigo resérvase o dereitos de anular grupos, anular modalidades, reducir grupos, modificar horarios das actividades e modificar as instalacións das actividades, para unha óptima utilización dos espazos ou do nivel deportivo dos participantes. Poderá haber modificacións das actividades motivadas por obras de mantemento, remodelación, reparacións, ou creación de novas instalacións.

O Concello de Vigo, poderá crear novos grupos de actividade con motivo da inclusión de novas instalacións deportivas ou a redistribución de horarios nas existentes. Estarán dispoñibles as prazas nos horarios habituais de inscrición.

Se por alertas ou urxencias se suspendera ou cancelara o Programa, ou pechara algunha instalación deportiva que provocara a anulación da actividade deportiva, so se poderá solicitar a devolución parcial da actividade cando este peche sexa superior a 2 meses de duración.

5.10. ANULACIÓN DE ACTIVIDADES – EMERXENCIAS

O Concello de Vigo ten a disposición de todos a aplicación de “Vigo app”, pode descargar a mesma e configurar os avisos de forma que lle chegen as notificacións deportivas, e así coñecer calquer anulación das actividades por emerxencias climáticas, peche de instalacións ou calquer outro motivo que provoque a anulación dalgún día de actividade.

5.11. SOLICITUDES DE DEVOLUCIÓN

Non se tramitarán solicitudes de devolución de importe, unha vez comezada a actividade (1 de Outubro 2026).

Inscribirse nun nivel deportivo que non corresponda co nivel do alumno, non dará lugar a devolución do importe (é importante para os niveis mais altos, comunicarse ca entidade deportiva antes, para saber se é idónea a actividade). Poderá en todo momento cambiar a outro grupo con horarios diferentes dentro da mesma entidade, ou cambiar a outra actividade deportiva nos mesmos días e horarios, que teña prazas en calquer momento do curso.

5.12. EXENTOS DE PAGO

Procedemento de solicitude:

Os solicitantes da exención de pago do Programa, deberán realizar estes 3 pasos antes de acudir a reservar a praza de xeito presencial, as oficinas do Complexo deportivo de Travesas.

UNHA SOLICITUDE DE EXENCIÓN POR CADA UNIDADE FAMILIAR
(UNHA solicitude de inscrición, para todos os irmáns que se inscriban)

1.-PASO Descargar e cubrir a solicitude que está na páxina de deportes.vigo.org no apartado de “oficina virtual” en “trámites e formularios”.

2.-PASO Presentar a solicitude asinada, e toda a documentación a través do rexistro electrónico na páxina do Concello de Vigo ou rexistro presencial con cita previa (vigo.org/citaprevia) no Concello de Vigo. Para a realización do rexistro electrónico pode consultar a páxina sede. vigo.org na carpeta cidadá, (**recoméndase realizar este paso con suficiente antelación**).

3.- PASO Co número de rexistro da solicitude presentada, pode ir a reservar a praza **PRESENCIALMENTE** nas oficinas de Travesas, nos días establecidos para cada modalidade deportiva. (Nas oficinas só deberán presentar o número de rexistro. Non se precisa a documentación presentada por rexistro)

- Non se poderán tramitar exencións de pago dunha inscrición da que xa se realizou o pago previamente.
- Recoméndase presentar a solicitude por rexistro (electrónico ou presencial) con suficiente antelación, para ter o tempo suficiente para acadar unha praza na modalidade deportiva desexada.
- O número máximo de reservas con exención de pago de cada alumna/o é de dúas. Para unha terceira actividade deberá realizar o pago da mesma.

- Non se recollerán solicitudes nin documentación. Unicamente por rexistro.
- TODA a documentación se revisará antes de confirmar a praza no programa. Se algún documento non está perfectamente cuberto, presentado e con todas as sinaturas realizadas do solicitante e autorizados da unidade familiar, non se poderá dar a praza e o solicitante deberá resolvelo.

Os criterios de exención:

Estarán exent@s @s alumn@s pertencentes a unidades familiares con ingresos brutos anuais, per cápita, inferiores a 4.680 € no caso de familias numerosas será de 7.051 € no exercicio da renda vixente.

A titularidade de bens inmobles de natureza urbana, con excepción da vivenda na que residen, non deberá superar un valor catastral de 54.136 €.

Para a determinación dos ingresos brutos anuais per cápita teranse en conta as seguintes normas.

- 1.- O ingreso bruto anual per cápita calcularase dividindo a totalidade dos ingresos brutos anuais da unidade familiar entre o número de integrantes. No dunha persoa cun grado de discapacidade superior ao 65 % computarase como se foran dúas persoas. No caso de que o grado de discapacidade estivese entre 33% e 65% computarase como 1,5.
- 2.- No caso de que o/a pai, nai, titor/a sexa unha persoa vítima de violencia de xénero acreditada mediante sentenza firme, aplicarase aos seus ingresos brutos un coeficiente 0.35. Este coeficiente será de aplicación durante os primeiros 5 anos contados dende a data da sentenza.
- 3.- No caso de que o/a pai, nai, titor/a monoparental, único perceptor de ingresos e os fillos non tiveran rematado o ensino obrigatorio, aplicarase aos ingresos brutos o coeficiente 0.55 %. Poderá aplicarse este coeficiente no caso de que os fillos percibiran prestacións de carácter público con motivo de discapacidade, invalidez e similares.
- 4.- No caso de que o/a pai, nai, titor/a levasen en situación de desemprego mais de 22 meses ininterrompidos, aplicarase aos seus ingresos brutos un coeficiente do 0.35.

Para o goce das exencións reguladas neste apartado, os usuarios deberán achegar ca súa solicitude os documentos acreditativos segundo o caso.

Para residentes de fora do Concello de Vigo, a unidade familiar deberá presentar documento certifi-cativo oficial que determine os integrantes da unidade familiar.

5.13. MATERIAL PRECISO

En todas as escolas deportivas é preciso un material apropiado para a práctica deportiva, nalgúns casos, esta necesidade está establecida por motivos de seguridade con botas e zapatillas deportivas axeitadas, indumentaria deportiva (fútbol, fútbol sala, deportes de raqueta, combate...) , noutras por motivos da propia práctica deportiva (raquetas, vestiario en deportes de combate, patins,...), ou por motivos inherentes o obxectivo estético da práctica deportiva nas clausuras (bañadores para natación sincronizada, vestimenta para ximnasia rítmica, artística ou patinaxe...).

5.14. PROXECTO “GAÑAMOS TODOS” E “EDUCA”

As Entidades Deportivas que pertencen este ano o Programa Municipal de Escolas Deportivas poderán solicitar a realización de actividades, eventos e xornadas durante o curso, para os nenos que están inscritos no programa deportivo e para nenos invitados de outros clubs pola entidade organizadora.

GAÑAMOS TODOS

Torneos, Copas, Competicións,
organizadas polas entidades.

EDUCA

Campus deportivos e educativos,
organizadas polas entidades deportivas en períodos estivais.

Estas novas actividades serán organizadas polas entidades deportivas e en colaboración co Concello de Vigo, o custo de instalación para as entidades deportivas que soliciten “Gañamos Todos” será de balde, e terá un prezo reducido para as actividades do “Proxecto Educa”.

6.

CADRO DE ACTIVIDADES POR INSTALACIÓN

	Complexo de Travesas	Complexo de Balaidos	Complexo de Samil	Complexo de Navia	Complexo da Etea	Pavilón de Barbés	Pavilón de Bernbive	Pavilón de Bouzas	Pav. Calvario - Lavadores	Pavilón de Candean	Pavilón de Castrelos	Pavilón de Carballal	Pavilón de Coia	Pavilón de Coruxo	Pavilón de Romil	Pavilón de Sárdoma	Pavilón de Teis	Pavilón de Quirós	C. de Fútbol de Cotogrande	Piscina de Valadares	Piscina de Travesas
Atletismo																					
Bádminton																					
Baile Deportivo-Danza coreo.																					
Baloncesto																					
Balonmán																					
Ciclismo																					
Ciclismo BTT																					
Deporte adaptado																					
Escalada																					
Esgrima																					
Fútbol																					
Fútbol Sala																					
Hockey Patíns																					
Hockey Línea																					
Hockey Herba																					
Iudo																					
Karate																					
Piragüismo - kayak																					
Loita Olímpica																					
Patinaxe																					
Patinaxe en liña																					
Natación Artística																					
Squash																					
Taekwondo																					
Tenis																					
Tenis de mesa																					
Tiro con arco																					
Triatlón																					
Voleibol																					
Xadrez																					
Xim. Acrob e camp. elastica																					
Xim. Artística e Trampolín																					
Ximnasia rítmica																					

7.

PIARES DO DEPORTES VIGUÉS DECÁLOGO SAUDABLE

1. Respetto.

Ás regras, deportivas e sanitarias. E ao rival, aos teus compañeiros e compañeiras, aos árbitros e aos adestradores.

2. Diversión.

A actividade física e o deporte, sempre cun sorriso e coma un entretemento.

3. Saúde.

Hixiene, máscara e distancia social son totalmente compatíbeis co deporte saudable. Respecta e coñece os protocolos da instalación e da actividade deportiva.

4. Actitude.

Gaña con nobreza, perde con elegancia.

5. Educación.

Animar sempre, insultar xamais.

6. Valores.

O deporte é compañeirismo e esforzo.

7. Acertos.

Gózaos, pero aprende dos erros.

8. Universal.

O deporte é para todos e todas, sen distinción de ningún tipo.

9. Empatía

Apoia e aplaude tamén cando sexas un espectador ou espectadora máis.

10. Paixón.

Dá o mellor de ti porque é un xogo pensado para gozalo.

8.

DEPORTES E HORARIOS

Nas seguintes páxinas detállanse cada unha das modalidades deportivas que están dentro do programa municipal de escolas deportivas, cos seus grupos, instalacións, horarios, idades e niveis.

1

**ESCOLLE O
TEU DEPORTE**

2

**IDENTIFICA ONDE
SE PRACTICA**

3

**ESCOLLE GRUPO
E HORARIO**

ATLETISMO

RC Celta de Atletismo

escuelaceltaatletismo@gmail.com

Teléfono: 617250699

Instalación	Grupo	Idades	Días	Horas	Prazas	Niveis	Reserva WEB
Pistas atletismo Balaídos	1	6 a 12	Ma, Xo	De 17 a 18	50	Iniciación	SI

Comesaña Sporting Club

comesana@comesana.org

Teléfono: 600078738

Instalación	Grupo	Idades	Días	Horas	Prazas	Niveis	Reserva WEB
Pistas atletismo Balaídos	1	6 a 8	Ma, Xo	de 18 a 19	45	Iniciación e perfeccionamento 1	SI
Pistas atletismo Balaídos	2	9 a 16	Ma, Xo	De 19 a 20	65	Iniciación e perfeccionamento 1	SI

Club Deportivo Delikia (Atletismo e atletismo adaptado)

clubdeportivodelikia@gmail.com

Teléfono: 622813773

Instalación	Grupo	Idades	Días	Horas	Prazas	Niveis	Reserva WEB
Pistas atletismo Balaídos	1	6-16	Ma-Ve	De 19 a 20	60	Iniciación	SI

BADMINTON

Clube Badminton Cies

bdmintonciesvigo@yahoo.es

Teléfono: 616290918-672494385

Instalación	Grupo	Idades	Días	Horas	Prazas	Niveis	Reserva WEB
P. Etea	1	6 a 18	Ma	de 18 a 20	25	Iniciación e perfeccionamento 1-2	SI
P. Etea	2	6 a 18	Me	de 18 a 20	25	Iniciación e perfeccionamento 1-2	SI
P. Etea	3	6 a 18	Xo	de 18 a 20	25	Iniciación e perfeccionamento 1-2	SI
P. Etea	4	6 a 18	Lu	de 18 a 20	25	Iniciación e perfeccionamento 1-2	SI

BALONCESTO

Celta Baloncesto Femenino

direccion@celtabaloncesto.com

Teléfono: 607550166

Instalación	Grupo	Idades	Días	Horas	Prazas	Niveis	Reserva WEB
Pav. Navia	1	6 a 7	Ma, Xo	de 18 a 19	30	Iniciación e perfeccionamento 1	SI
Pav. Navia	2	8 a 9	Ma, Xo	de 18 a 19	30	Iniciación e perfeccionamento 1	SI
Pav. Navia	3	10 a 11	Ma, Xo	de 19 a 20	50	Perfeccionamento 3	SI

CB Seis do Nadal-Coia (Fem e Mas)

areadeportiva@seisdonadalcoia.com

Teléfono: 655162171 – 627516980

Instalación	Grupo	Idades	Días	Horas	Prazas	Niveis	Reserva WEB
P. Navia	1	de 6 a 9	L, Me	de 18 a 19h	30	Iniciación e perfeccionamento 1	SI
P. Navia	2	de 10 a 12	L, Me	de 18 a 19h	30	Iniciación e perfeccionamento 1	SI
P. Navia	3	de 13 a 16	L, Me	de 18 a 19h	30	Iniciación e perfeccionamento 1	SI
P. Navia	4	de 13 a 16	L, Me	de 19 a 20h	30	Perfeccionamento 3	
P. Balaídos 1	5	de 6 a 12	Ma,Xo	de 18 a 19h	40	Iniciación e perfeccionamento 1	SI
P. Balaídos 1	6	de 13 a 16	Ma,Xo	de 19 a 20h	30	Perfeccionamento 3	

Club Novobasquet Vigo

novobasketvigo@gmail.com

Teléfono: 670884411

Instalación	Grupo	Idades	Días	Horas	Prazas	Niveis	Reserva WEB
P. Quirós	1	6 a 7	L, Me	de 17 a 18 h	30	Iniciación e perfeccionamento 1	SI
P. Quirós	2	8 a 9	L, Me	de 17 a 18 h	30	Iniciación e perfeccionamento 1	SI
P. Quirós	3	8 a 11	Lu Me	de 18 a 19h de 18 a 19h	30	Perfeccionamento 3	
P. Quirós	4	10 a 11	L, Me	de 18 a 19h	30	Iniciación e perfeccionamento 1	SI
P. Quirós	5	15 a 16	Me Ve	de 19 a 20h de 19 a 20h	30	Perfeccionamento 3	
P. Quirós	6	12 a 13 12 a 13	Me Ve	de 19 a 20h de 17 a 18 h	30	Perfeccionamento 3	
P. Quirós	7	14 a 15	Lu, Ve	de 19 a 20h	30	Perfeccionamento 3	

BALONMÁN

A.D.Carballal Balonmán

adcarballal1977@gmail.com

Teléfono: 696258632

Instalación	Grupo	Idades	Días	Horas	Prazas	Niveis	Reserva WEB
Pav. Carballal	1	de 6- 7	Ma,Xo	16:30 a 17:30h	15	Iniciación	SI
Pav. Carballal	2	de 8 a 9	Ma,Xo	17:30 a 18:30h	15	Iniciación	SI
Pav. Carballal	3	de 10 a 11	Ma,Xo	18:30 a 19:30h	15	Perfeccionamento I	SI
Pav. Carballal	4	de 12 a 14	Ma,Xo	19:30 a 20:30h	15	Perfeccionamento 2	SI
Pav. Carballal	5	de 6- 7	L,Me	16:30 a 17:30h	15	Iniciación	SI
Pav. Carballal	6	de 8 a 9	L,Me	17:30 a 18:30h	15	Iniciación	SI
Pav. Carballal	7	de 10 a 11	L,Me	18:30 a 19:30h	15	Perfeccionamento I	SI
Pav. Carballal	8	de 12 a 14	L,Me	19:30 a 20:30h	15	Perfeccionamento 2	SI
Pav. Carballal	9	de 6- 7	Ve	16:30 a 18:30h	15	Perfeccionamento I	SI
Pav. Carballal	10	de 8 a 9	Ve	18:30 a 20:30h	15	Perfeccionamento I	SI

C.B. Reconquista Vigo

competiciones@balonmanoreconquista.com

Teléfono: 629287234

Instalación	Grupo	Idades	Días	Horas	Prazas	Niveis	Reserva WEB
Central Travesas	1	de 6 a 11	L	de 19 a 20	30	Iniciación	SI
P. Balaídos 2			Ma	de 18 a 19			
P. Balaídos 2	2	de 12 a 13	Ma	de 19 a 20	30	Perfeccionamento 1 Masculino	SI
Central Travesas			Me	de 18 a 19			
Central Travesas	3	de 14 a 17	L,Me	de 19 a 20	30	Perfeccionamento 2 Masculino	SI
Central Travesas	4	de 14 a 17	L,Me	de 19 a 20	30	Perfeccionamento 2 Feminino	SI
P. Balaídos 2	5	de 6 a 9	Ma, Xo	de 18 a 19	30	Iniciación	SI
P. Balaídos 2	6	de 10 a 11	Ma, Xo	de 19 a 20	30	Iniciación	SI
P. Balaídos 2	7	de 12 a 13	Ma, Xo	De 17 a 18	30	Perfeccionamento 1 Feminino	SI
Central Travesas	8	de 10 a 11	L	de 18 a 19	30	Iniciación	SI
P. Balaídos 2			Xo	de 19 a 20			

C.B. Seis do Nadal – Coia

seisdonadal@seisdonadal.com

Teléfono: 606547314

Instalación	Grupo	Idades	Días	Horas	Prazas	Niveis	Reserva WEB
Pav. Coia – Colexio	1	de 6 a 7	L, Me	de 17:30 a 18:45	25	Iniciación (Prebenxamín)	SI
Pav. Coia – Colexio	2	de 8 a 9	L, Me	de 17:30 a 18:45	50	Iniciación (benxamín)	SI
Pav. Coia – Colexio	3	de 10 a 11	L, Me	de 18:45 a 20:15	50	Iniciación (alevín)	SI
Pav. Coia	4	de 11 a 12	Ma, Xo	de 17 a 18	25	Perfeccionamento 1 Masculino	SI
Pav. Coia	5	de 12 a 13	Ma, Xo	de 18 a 19	25	Perfeccionamento 1 Masculino	SI
Pav. Central	6	de 12 a 13	Ma, Xo	de 17 a 18:30	25	Perfeccionamento 1 Feminino	SI
Pav. Central	7	de 14 a 15	Ma, Xo	de 18:30 a 20	40	Perfeccionamento 2 Feminino	SI
Pav. Central	8	de 14 a 15	Ma, Xo	de 18:30 a 20	40	Perfeccionamento 2 Masculino	SI

Unión Balonmán Lavadores

ublavadores@yahoo.es

Teléfono: 660253821

Instalación	Grupo	Idades	Días	Horas	Prazas	Niveis	Reserva WEB
Pav. Calvario	1	6-9	lu, Me	de 17 a 18	40	Iniciación	SI
Pav. Calvario	2	9 a 11	L	de 18 a 19	40	Iniciación	SI
			Me	de 17 a 18			
Pav. Calvario	3	12 a 14	L	de 19 a 20	30	Perfeccionamento 1	SI
			Ve	de 17 a 18			
Pav. Calvario	4	14 a 16	Me, V	de 18 a 19	35	Perfeccionamento 1 e 2	SI
Pav. Calvario	5	14 a 16	Me, V	de 19 a 20	30	Perfeccionamento 2	SI

CICLISMO

Clube Ciclista Vigués

ccvigues@yahoo.es

Teléfono: 627352558

Instalación	Grupo	Idades	Días	Horas	Prazas	Niveis	Reserva WEB
P. Rodadura	1	6 a 16	S	10:30 a 12:30	60	Iniciación	SI
P. Rodadura	2	6 a 16	S	10:30 a 12:30	60	Perfeccionamento	SI

O comezo desta modalidade será o 17 de Outubro

CICLISMO BTT

Clube Ciclista Vigués

ccvigues@yahoo.es

Teléfono: 627352558

Instalación	Grupo	Idades	Días	Horas	Prazas	Niveis	Reserva WEB
P. Bembrive	1	6 a 16	Ma	17:00 a 18:30	25	Iniciación	SI
P. Bembrive	2	6 a 16	Ma	17:00 a 18:30	25	Perfeccionamento	SI

O comezo desta modalidade será o 13 de Outubro

DANZA COREOGRÁFICA

Clube de baile deportivo “Al Compás”

administracion@clubalcompas.es

Teléfono: 606467976

Instalación	Grupo	Idades	Días	Horas	Prazas	Niveis	Reserva WEB
P. Bouzas Sala	1	7 a 18	Ma,Xo	de 18 a 19	30	Iniciación e perfeccionamento 1	SI
P. Bouzas Sala	2	7 a 19	Ma,Xo	de 19 a 20	30	Perfeccionamento 2-3	

DEPORTE ADAPTADO

Clube Iberconsa AMFIV

cdamfiv@cdamfiv.com

Teléfono: 629512750

BALONCESTO EN CADEIRA DE RODAS

Instalación	Grupo	Idades	Días	Horas	Prazas	Niveis
Pav Carme	1	6 – 40	S	10 a 12h	25	Iniciación e perfeccionamento

Clube Iberconsa AMFIV

NATACIÓN

Instalación	Grupo	Idades	Días	Horas	Prazas	Niveis
Piscina Carme	1	6 – 40	S	12:30 a 13:30	15	Iniciación e perfeccionamento

ESGRIMA ADAPTADA – CADEIRA DE RODAS

Clube Esgrima de Vigo “El Olivo”

presidente@esgrimavigo.es / info@esgrimavigo.es

Teléfono: 649079506 / 676450425

Instalación	Grupo	Idades	Días	Horas	Prazas	Niveis	Reserva WEB
Pav. Etea	1	11-16	L, Me	De 19 a 20	4	Iniciación e perfeccionamento cad. Rodas	SI
Pav. Etea	2	6-10	Ma, Xo	De 19 a 20	4	Iniciación e perfeccionamento cad. Rodas	SI

ESCALADA

Clube Peña Trevinca Montañeiros Galicia

info@trevinca.es

Teléfono: 986420551 / 660693535

Instalación	Grupo	Idades	Días	Horas	Prazas	Niveis	Reserva WEB
P. Quirós	1	6 a 13	Lu -Ve	de 17 a 18 h	12	Iniciación e perfeccionamento 1 e 2	SI
P. Quirós	2	6 a 13	Lu	de 18 a 20 h	12	Iniciación e perfeccionamento 1 e 2	SI
P. Quirós	3	10 a 17	Me	de 17 a 19 h	12	Perfeccionamento 1-2-3	SI
P. Quirós	4	6 a 17	Ve	de 18 a 20 h	12	Iniciación e perfeccionamento 1 e 2	SI

ESGRIMA

Club de Esgrima Cidade de Vigo

esgrimaciudadvigo@gmail.com

Teléfono: 609843123-618243490

Instalación	Grupo	Idades	Días	Horas	Prazas	Niveis	Reserva WEB
Pav. Bouzas (Sala)	1	6-10	L, Me	de 17 a 18	14	Iniciación e perfeccionamento 1	SI
Pav. Bouzas (Sala)	2	9-11	L, Me	de 18 a 19	12	Iniciación e perfeccionamento 1	SI

Clube Esgrima de Vigo "El Olivo"

presidente@esgrimavigo.es / info@esgrimavigo.es

Teléfono: 649079506 / 676450425

Instalación	Grupo	Idades	Días	Horas	Prazas	Niveis	Reserva WEB
Pav. Etea	1	6-10	L, Me	de 18 a 19	20	Iniciación e perfeccionamento 1	SI
Pav. Etea	2	11-16	L, Me	de 18 a 19	20	Iniciación e perfeccionamento 1	SI
Pav. Etea	3	6-10	Ma, Xo	de 18 a 19	20	Iniciación e perfeccionamento 1	SI
Pav. Etea	4	11-16	Ma, Xo	de 18 a 19	20	Iniciación e perfeccionamento 1	SI
Pav. Etea	5	11-16	L, Me	De 19 a 20	20	Iniciación e perfeccionamento 2	SI
Pav. Etea	6	11-16	Ma, Xo	De 19 a 20	20	Iniciación e perfeccionamento 2	SI
Pav. Etea	7	11-16	L, Me	De 19 a 20	20	Iniciación e perfeccionamento 3	SI

FÚTBOL**CP AlertaNavia**

alertanavia@gmail.com

Teléfono: 646827537-619311322

Instalación	Grupo	Idades	Días	Horas	Prazas	Niveis	Reserva WEB
C. Navia	1	6 a 7	L, Me	de 17 a 18	30	Iniciación	SI
C. Navia	2	8 a 9	L, Me	de 18 a 19	30	Perfeccionamento 1 - Alumn@s Antig@s	
C. Navia	3	8 a 9	Lu, Ve	de 17 a 18	15	Perfeccionamento 1 - Alumn@s Antig@s	
C. Navia	4	10-11	L, Me	de 19 a 20	30	Perfeccionamento 1 - Alumn@s Antig@s	
C. Navia	5	10 y 11	Me Ve	de 19 a 20 de 17 a 18	15	Perfeccionamento 1 - Alumn@s Antig@s	
C. Navia	6	12 a 13	Lu, Ve	de 19 a 20	15	Perfeccionamento 3 - Alumn@s Antig@s	
C. Navia	7	12 y 13	Me Ve	de 19 a 20 de 18 a 19	15	Perfeccionamento 3 - Alumn@s Antig@s	
C. Navia	8	14 y 15	Me, Ve	de 19 a 20	15	Perfeccionamento 3 - Alumn@s Antig@s	
C. Navia	9	14 a 15	Lu, Ve	de 19 a 20	15	Perfeccionamento 3 - Alumn@s Antig@s	

Arenas de Alcabre S.C.D.

arenasdealcabre.scd@gmail.com

Teléfono: 659966227

Instalación	Grupo	Idades	Días	Horas	Prazas	Niveis	Reserva WEB
C. Navia	1	6-8	Ma, X	de 17 a 18h	10	Iniciación	SI
C. Navia	2	8-10	Ma, X	de 17 a 18h	30	Iniciación	SI
C. Navia	3	6-10	Ma, X	de 17 a 18h	50	Perfeccionamento 2	SI
C. Navia	4	10-12	Ma, X	de 18 a 19h	20	Perfeccionamento 1	SI
C. Navia	5	12-14	Ma, X	de 18 a 19h	20	Perfeccionamento 1	SI
C. Navia	6	10-12	Ma, X	de 18 a 19h	35	Perfeccionamento 2	SI
C. Navia	7	12-14	Ma, X	de 18 a 19h	35	Perfeccionamento 2	SI
C. Navia	8	14-16	Ma, X	de 19 a 20h	30	Perfeccionamento 3	SI
C. Navia	9	16-18	Ma, X	de 19 a 20h	30	Perfeccionamento 3	SI

Balaídos C. F.

balaídoscf@gmail.com

Teléfono: 647579424

Instalación	Grupo	Idades	Días	Horas	Prazas		Reserva WEB
C. Travesas	1	6 a 9	L, Me	de 17 a 18	30	Iniciación	SI
